



SESION EXTRAORDINARIA DE PLENO DA CORPORACION CORRESPONDENTE O DIA 17 DE NOVEMBRO DE 2025

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás dezanove horas e cinco minutos do día dezasete de novembro do dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D^a Tamara Ballesteros Vidueira, D^a Cristina Clavería Alves, D^a Susana Fernández Tomás e D. Francisco Antonio García Fornos do grupo municipal do BNG, D^a M^a Ángeles Crespo García e D. David Rodríguez Casares do grupo municipal do PP, e a ausencia xustificada de D. Jesús Río Piorno do grupo municipal do PP e D^a Marta Lorenzo Diéguez do PSdeG.

Actúa como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebrar a Sesión de Pleno en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 15/09/2025.

Sometida a votación pola Presidencia foi aprobada a acta da sesión do 15/09/2025 por asentimento unánime dos presentes.

2º.-DAR CONTA APROBACIÓN RESOLUCIÓNS ALCALDÍA.

Dáse lectura das Resolucións aprobadas pola Alcaldía. Os Sres. e Sras. Concelleiros e Concelleiras toman razón da disposición das Resolucións da Alcaldía.

3º.-ORZAMENTO XERAL 2026

Antecedentes

Confeccionado polos servizos de Secretaría-Intervención e reunindo todos os requisitos para a súa tramitación, o ORZAMENTO XERAL 2026 foi dictaminado favorablemente pola Comisión de Facenda celebrada o 13 de novembro de 2025.

Debade e votación

O Sr. Alcalde destaca deste Orzamento Xeral a política social, inversión en vivendas e vsstarios, dinamización económica coas actividades culturais como a Feira de Artesanía, Magostos e promoción do comercio en Nadal.

A concelleira do PP D^a Angeles Crespo García indica que está habendo algúns problemas co cobro do lixo, o que o Sr. Alcalde aclara as dúbidas plantexadas.

Non habendo máis intervencións o Sr. Alcalde-Presidente somete a votación o ORZAMENTO XERAL 2026, sendo aprobado cos 5 votos favorables dos concelleiros do BNG e a abtención dos 2 concelleiros do Partido Popular co seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral 2026 que presenta o seguinte resume:





A) ESTADO DE INGRESOS			
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO POR CAPITULOS.			
CAP	DENOMINACIÓN	%	PREVISIÓN
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS			
A.1) OPERACIÓNS CORRENTES			
1	IMPOSTOS DIRECTOS	12,1%	197.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	0,4%	6.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	8,0%	130.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	52,3%	849.406,78
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	0,7%	11.400,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		73,5%	1.193.806,78
A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,0%	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	25,2%	410.000,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		25,2%	410.000,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		98,8%	1.603.806,78
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
8	ACTIVOS FINANCEIROS		
9	PASIVOS FINANCEIROS	1,2%	20.000,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		1,2%	20.000,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS (A+B)		100,0%	1.623.806,78





B) ESTADO DE GASTOS			
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO POR CAPITULOS.			
CAP	DENOMINACIÓN	%	CREDITO
C) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS			
C.1) GASTOS CORRENTES			
1	GASTOS DE PERSOAL	36,0%	585.308,13
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	27,0%	438.658,65
3	GASTOS FINANCEIROS	1,4%	22.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,4%	7.000,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA ORZAMENTARIA	0,5%	8.000,00
TOTAL GASTOS CORRENTES		65,3%	1.060.966,78
C.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	INVERSIÓNS REAIS	27,8%	452.000,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,0%	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		27,8%	452.000,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS		93,2%	1.512.966,78
D) OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,0%	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	6,8%	110.840,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		6,8%	110.840,00
TOTAL ESTADO DE GASTOS (C+D)		100,0%	1.623.806,78

Segundo.- Aprobar o Anexo do Persoal para o exercicio 2026, que figura no Orzamento.

Terceiro.- Proceder a publicación do presente acordo de aprobación inicial no BOP a efectos de exame e reclamacións.

De non producirse éstas, a aprobación inicial terá carácter definitivo procedendo, a publicación definitiva no BOP para a súa entrada en vigor o 01/01/2026.

4º.- DESAFECTACIÓN DAS VIVENDAS DOS MESTRES INICIO EXPEDIENTE.

O Sr. Alcalde argumenta a necesidade de tramitar o procedemento para cambiar a cualificación xurídica do edificio escolar a ben patrimonial, ao deixar de cumprir a finalidade pública á que estaba destinado, considérase necesario iniciar expediente de Desafectación de Edificios Públicos Escolares, tendo en conta que en todos estes anos as vivendas que quedan por desafectar do servizo público de Educación non foron utilizadas nin solicitadas por ningún profesor ou profesora e tendo en conta o seu deterioro, propomos a súa rehabilitación e uso para aluguer favorecendo o asentamento de poboación no noso Concello.

Sometida a votación a desafectación das vivendas dos Mestres apróbase por unanimidade dos membros presentes.





7º.-ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo preguntas

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as dezanove horas e corenta minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

(Non asinada polo Secretario por falecemento)

